

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027307	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Na materia de Expresión Artística pónense en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos, facendo que todos eles combíñense e interactúen nun mesmo pensamento creador. Supón, por tanto, un paso máis na adquisición das competencias que viñeron desenvolvéndose en cursos e etapas anteriores.

A materia favorece a experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade, do pensamento diverxente e da innovación. Así mesmo, busca dotar ao alumnado dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comunicar a través da expresión artística. Con este obxectivo, a materia expónse como un espazo desde o que estimular o desexo de expresar unha visión persoal do mundo a través de producións artísticas propias e desde o que converter o erro ou o fracaso nunha oportunidade de aprendizaxe. A análise e a avaliación dos procesos de creación, das experiencias vividas, das estratexias e medios utilizados, dos erros cometidos e os progresos obtidos axudarán ao alumnado para tomar conciencia da creatividade como medio de coñecemento e de resolución de problemas. Esta toma de conciencia, á súa vez, favorecerá a reinversión das aprendizaxes en situacións análogas ou noutros contextos.

A materia está deseñada a partir de catro obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estas competencias específicas poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado, e ha de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas, a última delas require da activación das tres primeiras, é dicir, da observación e valoración crítica de producións artísticas, e da selección e o emprego tanto de técnicas gráfico-plásticas como audiovisuais.

Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición das competencias específicas, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

O carácter eminentemente práctico da materia determina a elección dos seus saberes básicos. Como saberes transversais inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, contribuíndo así á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigacións, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos; e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

A este respecto, cabe lembrar que, dentro do proceso creador e expresivo, toda produción artística adquire sentido cando é exposta, apreciada, analizada e compartida cun público. De aí a importancia de organizar actividades nas que o alumnado se converta en espectador non só das producións alleas, senón tamén das súas propias. Isto contribuirá á súa formación integral e ao desenvolvemento da humildade, o asertividade, a empatía, a madurez emocional, persoal e académica, a autoconfianza e a socialización; en definitiva, ao desenvolvemento da intelixencia emocional, que lle permitirá prepararse para aprender dos seus erros e para recoñecer tanto as emocións propias como as doutras persoas.

Por último, con vistas a facilitar a adquisición dos obxectivos da materia, resulta conveniente deseñar situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado explorar unha ampla gama de experiencias de expresión artística, utilizando tanto materiais tradicionais como alternativos, así como medios e ferramentas tecnolóxicos. Estas situacións deben ser estimulantes e inclusivas e ter en conta as áreas de interese do alumnado, as súas referencias culturais e o seu nivel de desenvolvemento, de modo que permitan levar a cabo aprendizaxes significativas e susciten o seu compromiso e implicación. A complexidade destas situacións debe aumentar gradualmente, chegando a requirir a participación en diversas tarefas durante unha mesma proposta de creación, favorecendo o progreso en actitudes como a apertura, o respecto e o afán de superación e mellora. Desta maneira, contribuirán á adquisición dos coñecementos, as destrezas e as actitudes que fortalecen a súa autoestima e desenvolven a súa identidade e a súa conduta creativa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Técnicas artísticas	Técnicas secas e húmidas. Técnicas mixtas.	37	40	X	X	
2	Expresión audiovisual	Linguaxe audiovisual e arte	37	40		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño	Xeometría para a arte e o deseño	26	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Técnicas artísticas	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, e valorando o proceso de creación e o resultado final.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Participar na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elaborar producións gráfico-plásticas, determinando as intencións expresivas e seleccionando con axuda as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	TI	100
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, substractivos e mixtos. - Graffiti e pintura mural. - Técnicas básicas de creación de volumes. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
2	Expresión audiovisual	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Valora os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia.	TI	100
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elabora producións visuais, audiovisuais e multimedia, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con axuda as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Participa na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.		
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Realiza producións audiovisuais asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con axuda, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Expoñer o resultado da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Identifica oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición. - Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación. - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. - Técnicas básicas de animación. - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

UD	Título da UD	Duración
3	Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Participa con rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	TI	100
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Elabora producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas.		
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Valora o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.		
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Analiza o resultado da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común o desenvolvemento da súa elaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para a materia de Expresión Artística, son necesarias unha metodoloxía e unha avaliación específicas, que se baseen nos principios da ensinanza competencial e da aprendizaxe activa, e que deben garantir a activación de coñecementos, habilidades e actitudes de forma integrada a través de situacións de aprendizaxe variadas e con distinto grao de complexidade.

A materia require situacións de aprendizaxe que impliquen unha acción continua combinada coa reflexión, así como unha actitude aberta e colaborativa, para que o alumnado desenvolva unha cultura e unha práctica artística persoal e sostible. Estas situacións, que poñen en xogo as distintas competencias da materia, deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado, que favorezan aprendizaxes significativas, que esperten a súa curiosidade e interese pola arte e as súas manifestacións, e que lles permitan desenvolver a súa identidade persoal e a súa autoestima. O deseño de situacións de aprendizaxe buscará o desenvolvemento dun pensamento diverxente, baseado na diversidade de manifestacións culturais e artísticas. As achegas teóricas e os coñecementos culturais serán introducidos polo profesorado en relación ás cuestións que suscita cada situación, permitindo así que o alumnado adquira métodos e puntos de referencia no espazo e no tempo para captar e explicar a natureza, o significado, o contexto e o alcance dos traballos e procesos artísticos estudados.

Organización de actividades e propostas didácticas

As propostas didácticas desta materia responderán a pautas flexibles e permeables, que favorezan o desenvolvemento da creatividade e do pensamento diverxente, cun grao de complexidade adaptable que permita ao alumnado mellorar e exteriorizar as súas conclusións persoais. Tamén serán motivadoras, e para iso non só deben ser innovadoras, senón que tamén deben estar vinculadas aos intereses do alumnado, ao tempo que espertan a súa

curiosidade por novos referentes e campos artísticos. O Deseño Universal para a Aprendizaxe debe ser o eixo arredor do que se organicen as propostas didácticas da materia. Para iso, implantaranse diferentes estratexias que se axusten á diversidade do alumnado, tanto na presentación das actividades como nos procedementos de resolución das mesmas, utilizando diferentes linguaxes (verbal, textual, gráfica, plástica ou audiovisual) e mediante o uso de materiais, técnicas e recursos propios da materia, incluíndo ferramentas dixitais. É importante establecer un método de traballo que non só desenvolva habilidades técnicas, senón que sirva tamén como forma de pensar, comprender e transformar o entorno, adquirindo no proceso novas habilidades. Por iso, propóranse conxuntamente actividades de produción e actividades de observación, análise e sensibilización a partir de diferentes manifestacións culturais e artísticas. Deste xeito, foméntase a participación estética, ampliando o diálogo coas producións artísticas máis aló da análise, retomándoas, transformándoas e utilizando diferentes técnicas e medios de expresión. Un dos obxectivos da materia é integrar na aula perspectivas de análise e dinámicas de traballo relacionadas co momento que vive o alumnado. Polo tanto, é fundamental incorporar ás propostas didácticas as manifestacións artísticas contemporáneas, que permitan facer do ensino desta materia un proceso integrador de distintas disciplinas. Do mesmo xeito, é fundamental analizar a presenza das mulleres artistas na arte, ademais de aplicar a perspectiva de xénero no enfoque das distintas propostas que se seleccionan, xa que o alumnado desta etapa debe abordar unha reflexión crítica da historia. e a evolución da arte. Por todo o anterior, as situacións de aprendizaxe son unha proposta didáctica idónea, xa que permiten recrear contextos próximos ao alumnado. Estarán formadas por tarefas e actividades articuladas co fin de acadar fins educativos que contribúan á adquisición dos obxectivos da materia e, en consecuencia, ás competencias clave do perfil de saída do alumnado ao final da educación básica.

Aprendizaxe activa baseada na práctica artística

As propostas didácticas buscarán o equilibrio entre a dimensión produtiva e a reflexiva e crítica. Para iso utilizaranse metodoloxías activas que dean protagonismo ao alumnado. Moitas das metodoloxías activas máis utilizadas baséanse en procedementos propios da actividade artística, polo que son as máis adecuadas neste ámbito e son de fácil aplicación. As metodoloxías activas que utilizaremos na materia, serán as seguintes:

- o visual thinking, como ferramenta de comunicación baseada no uso da linguaxe gráfica, que favorece o desenvolvemento da creatividade e dá sentido ao uso dos elementos da linguaxe visual e á súa organización na narración de acontecementos. .un conto, na representación de ideas ou na creación de signos e símbolos.
- o design thinking, que utiliza as técnicas de creatividade e desenvolvemento de ideas propias dos deseñadores de produtos, que favorece a xeración de empatía a través da análise das necesidades do outro, fomenta o tempo unha actitude de curiosidade, e considera o erro, non como un fracaso, senón como unha oportunidade de aprendizaxe. No seu proceso é fundamental o traballo en equipo e o desenvolvemento de técnicas de contidos visuais e plásticos.
- a gamificación aproveita o traballo de estudo que xa leva a cabo a industria do videoxogo para favorecer a motivación do alumnado, achegando á aula dinámicas de xogo, fidelización e recompensa, para que poida ser utilizada nesta materia como método de análise do desenvolvemento narrativo e visual dos videoxogos máis próximos ao alumnado.
- o modelo de clase invertida permite traballar calquera aspecto da materia, introducindo o visionado autónomo de vídeos, presentacións ou enlaces web facilitados polo profesorado, para posteriormente realizar a parte máis experimental ou reflexiva da materia. aula, compartindo opinións e sentimentos.
- finalmente, unha das metodoloxías activas máis versátiles que permite incorporar outras prácticas mencionadas anteriormente é a aprendizaxe baseada en proxectos. Isto posibilita a incorporación de diferentes competencias específicas, técnicas e materiais, e tamén permite vincular a materia coas distintas profesións derivadas da práctica artística e creativa, dando sentido práctico ao que se propón na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller específica con mesas de debuxo
Canón de proxección e pantalla
Ordenador do profesorado
Aula multimedia con ordenadores para o alumnado
Aula virtual do centro

Recursos dixitais en Internet recomendados polo profesorado

A materia impartirase en aulas-taller específicas, nas que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. O alumnado deberá achegar material propio, seguindo as indicacións do profesorado ao longo de curso. Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser achegados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

De acordo coa Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, a avaliación inicial realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

A finalidade da avaliación inicial é adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe.

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
 - Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
 - Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.
- A recollida de información levarase a cabo coa elaboración de cuestionarios na Aula Virtual e/ou na propia aula física, e tamén se empregará como ferramenta a observación directa do alumnado: aptitudes, capacidades, etc. Tratarase de levar a cabo esta avaliación diagnóstica durante a primeira e a segunda semanas do curso.

A sesión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información achegada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	37	37	26	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da materia, tomaranse como referentes os criterios de avaliación. A cualificación de cada criterio de avaliación obterase da nota media das actividades avaliadas asociadas a dito criterio. As actividades avaliadas consistirán en: probas escritas, presentacións, proxectos individuais, proxectos colectivos... As actividades avaliadas serán valoradas co emprego de táboas de indicadores (rúbricas, listas de cotexo ou escalas de valoración).

CUALIFICACIÓNS NAS AVALIACIÓNS PARCIAIS

- Cualificación en cada avaliación: será a media ponderada das cualificacións obtidas nos criterios de avaliación empregados no período avaliado. A cualificación será arredondada á cifra enteira máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

No deseño das situacións de aprendizaxe, o profesorado procurará realizar unha repartición equilibrada dos criterios de avaliación.

CUALIFICACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL

Na avaliación final, a cualificación numérica será a media aritmética das cualificacións obtidas polo alumnado nos criterios de avaliación empregados ao longo de todo o curso. A cualificación será arredondada á cifra enteira máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Criterios de recuperación:

No contexto do proceso de avaliación continua, cando se detecte que unha alumna ou un alumno non chega ao 5 nun Criterio de Avaliación, para recuperalo, realizará tarefas ou probas asociadas a ese Criterio.

Se unha alumna ou un alumno non aproba unha avaliación, debe recuperar os Criterios de Avaliación nos que non chegue ao 5. O profesorado indicarlle que tarefas debe facer para superar eses Criterios nos que non chegue ao 5.

As actividades para poder recuperar consistirán en:

- Reelaboración dos instrumentos de avaliación asociados ao Criterio non superado. Por exemplo, repetir un traballo suspenso.
- Probas escritas sobre o conxunto dos Criterios de Avaliación que deben superarse.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:

Supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	
ET.4 - Competencia dixital		X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro Sementeiras	Participación do alumnado da materia nun obradoiro sobre o Patrimonio	X		
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas a museos da comarca ou da provincia da Coruña con exposicións de arte, especialmente de arte contemporánea.	X	X	
Charlas informativas e obradoiros para o alumnado	Charlas e obradoiros impartidos por profesionais das Artes que teñan interese para o noso alumnado.		X	X
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo.	X	X	
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares e outros.		X	X

Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Porén, non sempre é posible, xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a temporalización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo

Metodoloxía empregada
Preparo as clases e os materiais didácticos de forma clara e coherente
Presento ao alumnado modelos con resultados semellantes ao que se espera das súas propostas
Planifico as situacións de aprendizaxe tendo en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe
Formulo situacións de aprendizaxe motivadoras e cercanas aos intereses do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvo actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novidosos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaboro co departamento de orientación e co equipo docente na detección de dificultades de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente é unha fase da avaliación que permite a cada docente comprobar se o proceso educativo funciona correctamente, se está dando os resultados esperados ou se hai aspectos que se poden ou se deben mellorar. Este procedemento refírese a como cada docente desenvolve a programación didáctica no día a día, a como transmite as aprendizaxes e a súa relación co alumnado, profesorado e familias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente Memoria do Departamento de Artes Plásticas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade axeitada. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de Departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse en dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado

9. Outros apartados